

PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS DAS SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DO PROGRAMA "REENCONTROS NA CASA" 2019 (Resolución do 4 de marzo de 2019 da Secretaría Xeral da Emigración, publicada no DOG nº 53, do 15 de marzo de 2019)

PAÍS : URUGUAI

Datas da viaxe: segunda quincena de xuño de 2019

De acordo co disposto no artigo 10.5 da orde da convocatoria publícase a relación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas. Enténdense como admitidas aquelas solicitudes que levan a mención "COMPLETA" na columna EST_TRAMI_WEB e todas as demais están definitivamente excluídas, sinalando a base incumprida e o motivo de exclusión nas correspondentes columnas.

| APE | NOM | ANO PARTICIPACION | DATA NACEMENTO | TIPO SOL | APE CON | NOM COM | EST. TRAMITACION | ART. | TEXTO |
|------------------|----------------|-------------------|----------------|----------|---------------------|----------------|------------------|------|-------|
| BERMUDEZ FRAGA | MARTHA RAQUEL | | 22/01/1951 | F | | | COMPLETA | | |
| BERNARDEZ LEMOS | GUILLERMO | 2010 | 27/12/1937 | E | CASTRO ALTESOR | GENOVEVA | COMPLETA | | |
| CAAMAÑO MARTINEZ | GUMERSINDA | | 27/07/1936 | E | | | COMPLETA | | |
| CALVO NEGREIRA | HERMITAS | 2013 | 21/06/1942 | E | | | COMPLETA | | |
| CARRACEDO SOUTO | MARIA CONSUELO | | 26/07/1934 | E | | | COMPLETA | | |
| DEL REY MORATO | LUIS IGNACIO | | 18/07/1952 | F | | | COMPLETA | | |
| FREIRE COUTO | VICENTE | 2013 | 20/03/1945 | E | HERNANDEZ HERNANDEZ | MARIA DELIA | COMPLETA | | |
| FREIRIA CAPEANS | ROSA ISABEL | | 17/11/1945 | F | | | COMPLETA | | |
| GONZALEZ SOTO | GONZALO | | 17/09/1951 | E | MEDINA DEVIA | AIDA MARGARITA | COMPLETA | | |

| APE | NOM | ANO PARTICIPACION | DATA NACEMENTO | TIPO SOL | APE CON | NOM COM | EST. TRAMITACION | ART. | TEXTO |
|-------------------|----------------|-------------------|----------------|----------|-----------------|-------------|------------------|-------|---|
| OROÑA PUENTE | ADOLFO DELFINO | 2009 | 16/07/1949 | E | BARCELO FLEITAS | LUISA ANAIR | COMPLETA | | |
| RODRIGUEZ GARCIA | FLORENTINA | | 19/02/1948 | E | | | COMPLETA | | |
| LEDO PRADO | JOSE EMILIO | | 26/05/1941 | F | | | EXCLUIDA | 2.1.3 | NON RESIDIR EN AMÉRICA DE XEITO CONTINUADO OS ÚLTIMOS DEZ ANOS. |
| MONTERO GARABANA | JOAQUIN MANUEL | 2012 | 31/10/1949 | E | ANTUONI VITA | NUNZIATA | EXCLUIDA | 2.1.3 | NON RESIDIR EN AMERICA DE XEITO CONTINUADO OS ÚLTIMOS 10 ANOS |
| PALLEIRO GONZALEZ | VICTOR MANUEL | | 02/08/1952 | F | | | EXCLUIDA | 2.1.8 | SUPERA O LÍMITE DE INGRESOS DO PROGRAMA. |

| | |
|--------------|---|
| Artigo 2.1.1 | Ser emigrante galego/a. |
| Artigo 2.1.2 | Ter a nacionalidade española. |
| Artigo 2.1.3 | Residir en América de xeito continuado, como mínimo, durante os últimos 10 anos. |
| Artigo 2.1.4 | Ter cando menos 65 anos de idade, contados na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. |
| Artigo 2.1.5 | Non ter participado nos últimos cinco anos naturais en programas de viaxes a Galicia desta Secretaría Xeral. |
| Artigo 2.1.6 | Para ser beneficiario/a deste programa será necesario que poda valerse por si mesmo/a e non padecer trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e que estea en condicións de realizar unha viaxe de longa duración, circunstancias que deberán acreditarse mediante os correspondentes certificados médicos. |
| Artigo 2.1.7 | Contar co consentimento de familiares de ata o cuarto grao de consanguinidade ou afinidade cos que podan residir durante a súa estancia en Galicia. |

| | |
|---------------|---|
| Artigo 2.1.8 | Ter ingresos inferiores a 3 veces o importe das bases de cálculo da prestación económica por anciandade do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social do Estado español correspondente ao ano desta convocatoria, segundo o país de residencia, para poder optar ás prazas financiadas ao 100%, ao 90% e ao 60%. Estes límites non serán aplicables ás prazas financiadas ao 0%. Se a persoa solicitante convive con outra ou outras persoas nunha mesma unidade económica familiar, a contía anterior virá determinada pola suma do límite máximo dos seus ingresos persoais máis o resultado de multiplicar o 70 % desta cifra polo número de conviventes menos un. |
| Artigo 2.2 | Poderán ser beneficiarias, como acompañantes, as persoas unidas por matrimonio, unión de feito ou relación análoga de afectividade ás persoas solicitantes do programa, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos nos puntos 1.5 e 1.6 deste artigo e acheguen a documentación xustificativa. |
| Artigo 2.3 | Tamén poderán ser persoas beneficiarias os fillos e as fillas de persoas emigrantes galegas que teñan a condición de galego/a e cumpran os requisitos indicados nos apartados 1.2, 1.3, 1.4, 1.6, 1.7 e 1.8 deste artigo e non teñan participado en programas de vaixes a Galicia desta secretaría xeral nos últimos 10 anos. |
| Art. 8 | Solicitude segundo o modelo normalizado do anexo I. |
| Artigo 8.1.a) | Documentación acreditativa da identidade e nacionalidade da persoa solicitante. |
| Artigo 8.1.b) | Nos países en que exista a obriga de presentar declaración da renda das persoas físicas ou declaración similar, unha copia da última declaración presentada pola persoa solicitante e/ou os demais membros da súa unidade económica familiar. No caso de que estea exenta de realizala, unha xustificación oficial desta circunstancia e un certificado ou xustificante acreditativo dos ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciba a persoa solicitante e/ou os demais membros da súa unidade económica familiar. |
| Artigo 8.1.c) | Nos países en que non exista obriga de presentar declaración da renda das persoas físicas ou declaración similar, unha certificación ou un xustificante acreditativo dos ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciba a persoa solicitante e/ou os demais membros da súa unidade económica familiar. |
| Artigo 8.1.d) | Certificado médico, segundo o modelo incluído no anexo II, conforme a persoa solicitante é válida por si mesma e non padece trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e está en condicións de realizar unha viaxe de longa duración. |
| Artigo 8.1.e) | Una fotografía recente, tamaño carné. |
| Artigo 8.1.f) | Anexo III da persoa cónxuxe acompañante, se for o caso. |
| Artigo 8.1.g) | Consentimento, segundo o modelo do anexo V, asinado polos familiares de ata o cuarto grao de consanguinidade ou afinidade, para que residan con eles durante a súa estadía na comunidade autónoma. |
| Artigo 8.1.h) | As persoas que soliciten o programa por aplicación do número 3 do artigo 2 deberán acreditar ser fillos ou fillas de persoa emigrante galega. |

| | |
|---------------|---|
| Artigo 8.1.i) | Certificado de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular como residente no país de América que corresponda e documentación acreditativa do lugar e data de nacemento, no caso de que estes datos non estean especificados na documentación anterior. |
| Artigo 8.2.a) | Documentación acreditativa da identidade da parella: pasaporte ou outro documento de identidade en que consten os seus datos persoais e a nacionalidade. |
| Artigo 8.2.b) | O certificado médico, segundo o modelo incluído no anexo IV, conforme a parella é válida por si mesma e non padece trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e está en condicións de realizar unha viaxe de longa duración. |
| Artigo 8.2.c) | Unha fotografía recente da parella, tamaño carné. |
| Artigo 8.2.d) | Documentación acreditativa da residencia en América, do lugar e da data de nacemento da parella. |

RECURSOS

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer de xeito potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa. Se a resolución non for expresa, o recurso poderase interpoñer en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da relación de persoas beneficiarias, se esta for expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.